



RC Celta

PROTOCOLO DE PREVENCIÓN E ACTUACIÓN ANTE CASOS DE VIOLENCIA SEXUAL NA DISPUTA DOS ENCONTROS DO RC CELTA

**PREVENCIÓN, DETECCIÓN, ACTUACIÓN
E ATENCIÓN ÁS VÍTIMAS**

SETEMBRO 2024

Coa implantación do protocolo de prevención e actuación ante casos de violencia sexual do RC Celta, desde o Club promóvese un evento deportivo nun entorno seguro e libre para a nosa afección.

NON SE TOLERA NINGUNHA MANIFESTACIÓN DE VIOLENCIA OU ACOSO SEXUAL CONTRA OS ASISTENTES OU O PERSOAL PARTICIPANTE NO DESENVOLVEMENTO DO MESMO.



FORMACIÓN

É un protocolo elaborado para dar resposta ás posibles violencias machistas, en concreto as de índole sexual e LGTBIfóbica nas distintas sedes nas que se disputan os encontros, en calquera das categorías do Club.

A aplicación do protocolo permite ter persoal formado nas propias sedes, co coñecemento do que son as agresións sexuais e como actuar nestas situacións.

O **OBXECTIVO** deste protocolo é **informar, previr** e poder dar a mellor resposta posible ante os ataques contra a liberdade sexual das persoas. Aínda que inicialmente vai enfocado ás mulleres, sendo un colectivo por estatística máis afectado, non exclúe calquera tipo de vítima, independentemente do seu sexo ou condición sexual.

O protocolo inclúe as accións operativas cara ao presunto agresor, como deben actuar os actores participantes en dito documento, en especial o Director de Seguridade, cando se produza violencia sexual constitutiva de delito. Tamén abrangue as funcións dos recursos operativos de Seguridade Privada e Auxiliares de Servizo, e persoal voluntario / staff do Club.

AGRESIÓN SEXUAL

Está regulada no artigo 178 do Código Penal e indícase como “un ataque á liberdade sexual dunha persoa que utiliza violencia, intimidación ou abuso”.

“Violencia” enténdese como o uso da forza física, e, por “intimidación”, comportamento de tipo psicolóxico que ten como fin infundir o medo a sufrir un dano inminente e grave, ou ameazas de sufrilo a vítima ou a outras persoas preto dela.

Penas simples: de 1 a 4 anos de prisión

Con agravantes: de 2 a 8 anos de prisión



CANDO SE CONSIDERA QUE HAI UNHA AGRESIÓN SEXUAL

Tocamentos de natureza sexual, sen consentimento por parte da vítima, con violencia, intimidación ou abuso por parte do presunto agresor.

Actividade sexual non desexada por parte da vítima, sempre que **haxa violencia, intimidación ou abuso** e que non implica penetración ou acceso carnal. Inclúe forzar a unha persoa a realizar actos sexuais que non impliquen contacto corporal co agresor e que consistan na realización de actos sexuais sobre a mesma vítima (xa sexa por parte dun terceiro, coma se a vítima fose obrigada a realizalas sobre ela mesma).



VIOLACIÓN

Tamén se recolle no artigo 179 do Código Penal, para os casos nos que, ademais de utilizar a violencia ou a intimidación, haxa acceso carnal, é dicir, penetración por vía vaxinal, anal ou bucal, ou introdución de obxectos por vía vaxinal ou anal.

Penas simples: de 4 a 12 anos de prisión

+ inhabilitación absoluta de 6 a 12 anos

Con agravantes: de 7 a 15 anos de prisión

+ inhabilitación absoluta de 6 a 12 anos

AGRESIÓN SEXUAL

(*Antes abuso*) Incluída no artigo 181 do Código Penal, consiste na realización de actos que ameazan a liberdade e indemnidades sexuais, sempre que non se utilice a violencia nin intimidación, pero tampouco o libre e válido consentimento da persoa agredida. É a acción de presionar ou obrigar a alguén a facer algo sexual que non quere facer, sen o seu consentimento.

Cando hai que considerar que non hai consentimento válido?

Cando as vítimas estean privadas de sentido, ou se abuse do trastorno mental das mesmas, se usen fármacos, drogas ou outras substancias que anulen a súa vontade. Cando o agresor se aproveita da súa situación de superioridade manifesta respecto da vítima, ben sexa física ou xerarquicamente, ou calquera outro suposto.

DELITOS POR ESTE TIPO DE COMPORTAMENTOS

- * Inxuria sexual
- * Seguimento obsceno
- * Captar imaxes de partes íntimas
- * Cercar con fins sexuais
- * Outros tipos de condutas que impliquen acoso sexual
- * Exhibicionismo obsceno diante de persoas adultas, sempre que non sexan persoas con algún tipo de discapacidade e necesitadas de atención especial
- * Masturbación en espazos públicos ou abertos diante de persoas adultas, sempre que non sexan persoas con algún tipo de discapacidade e necesitadas de atención especial

DENUNCIA POR DITOS DELITOS

Para a presentación de ditas queixas no CNP será necesario que:

- * A vítima estea identificada e que ela mesma, sen ningún axente externo, queira denunciar
- * O presunto autor da agresión estea identificado ou sexa identificable
- * É importante, pero non imprescindible para realizar a cabo a denuncia, que haxa testemuñas directas, persoal de staff, recursos operativos de seguridade, etc.
- * Se é posible, algún tipo de imaxe da cámara de videovixilancia, móbil, prensa... que o poida demostrar

MEDIDAS DE PREVENCIÓN

O Coordinador Deportivo do CNP, xunto co Director de Seguridade do RC Celta e co Responsable da empresa de seguridade privada, realizarán unha revisión dos distintos espazos das instalacións, así como espazos públicos próximos, para identificar posibles zonas de risco que poidan favorecer a comisión de violencias sexuais. Estas revisións realizaranse periodicamente.

- * Zonas ocultas ou de paso
- * Falta de iluminación ou escasa visibilidade
- * Cuartos
- * Aparcadoiro
- * Baños

No momento de abrir portas ou durante o transcurso do encontro, persoal de staff ou seguridade privada realizarán controis nas zonas detectadas, mentres non se vaian eliminando.



DETECCIÓN SITUACIONES CON RISCO


Se se detecta unha persoa que poida parecer que se atopa nunha situación de posible desprotección, ao verse de maneira clara baixo os efectos do consumo de calquera substancia que prexudique as súas facultades ou percepción, centrarase un foco de atención sobre ela, proporcionándolle, se o desexa, un lugar seguro ata recuperarse ou ter a decisión de abandonar as instalacións de forma segura ou acompañada por alguén de confianza.

Se observas algunha persoa que amosa algún tipo de actitude irrespectuosa cara á liberdade sexual de calquera outra persoa no recinto, diráselle que será expulsado.



PUNTOS BÁSICOS A DESENVOLVER

- 1.** A persoa designada como Responsable da activación do Protocolo de atención ás persoas afectadas, será o Director de Seguridade do RC Celta, unha vez recibida con claridade a comunicación do feito.
- 2.** Asignarase un lugar onde poida ir a persoa supostamente agredida para recibir algún tipo de axuda e/ou asistencia, deberá haber polo menos un deles por bancada. Esta localización deberá ser informada e indicada con algún tipo de distintivo, marca, carteis ou sinalización.
- 3.** Aínda que ese primeiro espazo vale para unha primeira asistencia, debe establecerse outro lugar seguro onde atender de maneira privada, individualizada e concreta, á persoa agredida.



ATENCIÓN Á PERSOA AGREDIDA

- 1.** Tratar de atender á vítima coa maior rapidez, seguridade e empatía posible.
- 2.** Dar aviso ao Responsable de Protocolo de atención ás vítimas, e acompañar sen deixar en ningún momento soa, ata o espazo habilitado para estes casos, e se fose necesario, quedar con ela ata o final do proceso.
- 3.** Tratar de coñecer se a vítima ten ou a acompaña algunha persoa da súa confianza entre o público, para que poida estar con ela.
- 4.** Debes comunicarlle que pode recibir asistencia médica se o quere e/ou o necesita de carácter inmediato, así como da posibilidade de tramitar a denuncia do acontecido co CNP nas propias instalacións.

O Responsable de Protocolo de actuación avisará á Coordinadora do CNP para, se é o caso, solicitar a súa presenza policial e asistencia médica, na localización onde a vítima foi encontrada de maneira segura.

Recopilarase a cantidade máxima de información que poida proporcionar a vítima, para transmitilo ao CNP, se fora posible.

Se a vítima non quixera presentar denuncia, pero si abandonar o recinto, intentarase que o faga sempre acompañada. Se, pola contra, quere quedar, garantirase que terá un lugar seguro onde poida ver o evento desde lonxe da persoa agresora. Se estivese baixo os síntomas de calquera substancia, será levada a un lugar seguro ata que se recupere e poida abandonar as instalacións con garantías de seguridade.

ACTUACIÓN FRENTE Á PRESUNTA PERSONA AGRESORA

1. Buscar un lugar seguro e protexerse. Tras ser agredid@, o esencial é garantir a seguridade da vítima, transmitir protección, afastándose do agresor e buscando un lugar seguro.

2. Buscar axuda. Tratar de coñecer se a vítima ten ou a acompaña alguén de confianza entre o público, ou algún recurso de seguridade privada / CNP para protexela.

3. Dar aviso. Comunicarlle ao Responsable de Protocolo o sucedido para a súa activación, se fose necesario.

A actuación por parte das persoas responsables de seguridade ou calquera outra persoa correspondente ao staff, debe ser proporcionada e adecuada ás circunstancias de cada caso concreto, non dando por feito ningunha situación.

A presunta persoa agresora debe estar separada do resto do público, garantindo así mesmo a súa seguridade.

Unha vez que a situación estea baixo control, sexa perceptivo, darase aviso ao Responsable de Protocolo para a súa activación.

RECOMENDACIONES PARA A VÍTIMA

Atoparse sempre acompañada por alguén, pola súa seguridade e tranquilidade, sexa coñecida ou non.

Non presentar a denuncia soa, cantas máis testemuñas que corroboren a súa versión, máis claro será o feito.

Na medida do posible, recibir asistencia médica ou ir a un hospital para unha exploración, coa mesma roupa, sen ducharse nin cambiarse, para non desvirtuar posibles probas.

No propio centro sanitario existe e aplícase un protocolo de recoñecemento médico específico para este tipo de vítimas.

Aínda que neste tipo de delitos contra a liberdade sexual das persoas, é a propia vítima quen ten a decisión de denunciar ou non, desde a activación do Protocolo por parte do Club, debe actuarse como se a persoa afectada seguira adiante co proceso, xa que, en moitas ocasións por vergoña, inseguridade ou medo, a primeira opción sempre é negativa. Acompañar e dar seguridade igualmente.

Por iso tratarase de buscar a maior cantidade de información posible respecto a identificacións, testemuñas, feitos, imaxes, datos ao respecto, por se fose necesario posteriormente.

Escoitar e axudar, prestar toda a atención e non dar por feito situacións, interpretacións, comentarios, nin xulgar ou emitir valoracións sobre o que nos di a persoa atacada, ou que fósemos testemuñas.

Tratar de ser empático, comprensivo e manter a calma. Transmitir seguridade e reforzar a súa acción, e pensar en levar a cabo aquelas cousas que nos gustaría que nos fixesen se estivéramos nunha situación semellante.

Apoio a súa iniciativa. A presión, a vergoña, a preocupación, trauma, impotencia, ansiedade, soidade, culpa, estigma á que pode ser sometida a persoa agredida, fai que todo sexa máis complexo para ela.

CONTACTOS DE INFORMACIÓN

Director de Seguridade do RC Celta

625 144 891

Atención ás vítimas de malos tratos pola violencia de xénero

016

Atención ás vítimas de violencia de xénero Xunta de Galicia

900 400 273

Emerxencias Galicia

112



Grupo
RCCelta